

# Anexo

## 1999-2007



Concello  
de Pontevedra



**Pleno 25-09-1999**

**1.- PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, DON GUILLERMO MEIJÓN COUSELO, SOBRE A CONSTITUCIÓN DE CONSELLOS TERRITORIAIS.**

Manifesta que según teñen anunciado por comunicados colgados en diferentes soportes nas parroquias de Santa María e Santo André de Xeve, parece ser que este fin de semana vanse constituir algúns dos Consellos Territoriais previstos no Regulamento de Participación Cidadá e non vai xustificar ante ninguén a importancia que para o grupo socialista supón a participación cidadá a través destes consellos, para iso bastaría con revisar o que ten defendido non sómentes aquí senón noutros ámbitos máis amplos e tamén con ver os programas electorais, non sómentes do seu partido senón de tódolos que pertencen a este concello, sen embargo ten que dicir que non acaba de entender demasiado ese comunicado con estética de bando que ten redactado esta Alcaldía, pois por un lado ve que en ningún caso figura a mínima alusión ó Regulamento de Participación actualmente en vigor, ademais fala de consellos parroquiais, en ningún caso cita consellos territoriais e non sabe se é un defecto de forma ou máis ben sortear unha norma; por outra parte, totalmente acordes co sentido común e ademais en coincidencia casi total coas súas propostas de modificación do Regulamento actualmente en vigor, nesas parroquias lle consta que teñen presentado un debuxo de consello bastante distinto ó mecanismo que a norma actual permite, multiplicando incluso ás veces por seis a presenza das asociacións con máis peso en tales parroquias e despreciando o estreito e inxusto corsé do artigo 44 do actual regulamento que otorga un único representante a cada asociación legalmente constituída sen ningún tipo de matiz ou consideración, por tanto pregunta ó señor Alcalde se nos consellos dos que fala vai apuntar unha soa persoa de cada asociación e o resto están alí porque si, para así formalmente cumpri-lo regulamento ou simplemente vai transgredi-la norma legal; doutra banda parece que se leva desde o grupo do BNG un continuo xogo dialéctico acerca do carácter decisorio ou non que van te-los consellos, especialmente o señor Alcalde e o Concelleiro señor Vazquez Plaza xogan con distintos mensaxes vertidos na prensa acerca do suposto poder de decisión e extráñalle moito o tema porque basta con ve-la lexislación actual para darse conta que en principio unicamente poden ser informativos ou consultivos e que non teñen outras competencias e se as tiveran o propio regulamento actual permite que sexan atribuídas polo Pleno, pero non polo señor Alcalde, entón pregunta se isto é unha necesidade de maquillaxe das distintas promesas electorais, pois seguramente de aí ven unha frase artellada polo equipo de enxeñería lingüística que para dicir o indicible fala dunha capacidade de intervención directa na aplicación das liñas xerais da política municipal; o grupo socialista ten exposto



ante o grupo de goberno a necesidade de modifica-lo actual regulamento de participación cidadá, este regulamento procede dun momento en que un partido gobernaba con maioría absoluta e tanto o PSOE como o propio BNG manifestaron no seu día mesmo no Pleno algunhas discrepancias con el, foi aprobado por unanimidade pero nun exercicio non tanto de asentimento como de optar polo mal menor, pero a situación non é a mesma, resulta por exemplo que unha asociación que teña un hipotético cen por cen de asociados no seu barrio conta no consello cun único representante, o mesmo que calquera asociación recén legalizada que conte con tres asociados e que se adique a calquera fin, resulta que os partidos da oposición non están presentes nos consellos territoriais e supón que recordará o BNG esta proposta socialista que contou co seu apoio, resultan señor Alcalde outras moitas cousas que están por resolver, mesmo a delimitación de distritos no casco urbano, consellos de coordinación, o papel das federacións, etc., o grupo socialista ten unha man aberta para estudia-las reformas que se propoñen como imprescindibles para definir un regulamento de participación cidadá máis acorde coa realidade e coa democratización e participación da vida municipal, o grupo socialista ten constatado ademais o firme desexo da maioría do movemento veciñal por facer tales modificacións ou algunha delas, polo tanto a súa man queda tendida e a súa pregunta queda aberta.

Toma a palabra o señor Alcalde, dicindo que en primeiro lugar quere agradecer esa man tendida que non podía ser doutra maneira, en todo caso porque efectivamente o tema da participación cidadá e a constitución dos consellos territoriais, concretamente os que se van constituir este fin de semana, coinciden cunha parroquia, por iso lle chaman parroquiais, pero están a falar exactamente do mesmo e dicía que non pode ser doutra maneira que haxa unha man tendida por parte do grupo municipal do PSOE por canto cando se asinou o acordo de gobernabilidade estaba incluída esa constitución dos consellos territoriais e dicir tamén que o grupo do BNG está completamente de acordo con modificar no que sexa modificable e por medio do estudio nunha Comisión informativa e posteriormente coa aprobación en Pleno o Regulamento de Participación Cidadán sen ningún problema, ou sexa que se poden inicia-los trámites de discusión deste tema cando se considere conveniente; en canto ó tema de que estea a oposición nos consellos territoriais lle parece ben e de feito así o defendeu tamén, aínda que non se acorda se foi una proposta do PSOE ou foi conxunta e non vai entrar nese tema, pero lle parece que por pura democracia é conveniente que estea a oposición e así o propuxo na anterior Corporación, pero neste momento existe un regulamento aprobado, que ademais foi aprobado por unanimidade por tódolos grupos da Corporación anterior e consensuado con toda a federación veciñal, polo tanto é un regulamento que está en vixencia e que neste



momento estase a aplicar para a constitución deses Consellos territoriais, que en definitiva do que se trata é de que os cidadáns e as asociacións que forman eses cidadáns de todo tipo nos ámbitos territoriais e tamén no futuro nos ámbitos sectoriais, que teñan algo que dicir e que deben decilo, poidan facelo dunha forma absolutamente democrática, que esa é a súa idea; en canto á composición dos Consellos territoriais, polo menos os que se van constituir esta semana, lle consta que foi consensuada por parte de tódalas asociacións tanto veciñais como de montes como doutro tipo e que non houbo en principio ningún problema acerca de que si estaban representadas por dúas persoas, por unha ou por tres, é obvio que non é o mesmo e entende perfectamente que non deba ter a mesma representatividade unha asociación que outra, sobre todo porque representa un número de cidadáns distinto, pero vai ser moi difícil poder matizar exactamente cal é a representatividade que lle correspondería desde o punto de vista matemático ou numérico e agarda, e así o está a comprobar, que as asociacións participen desta idea e apliquen o sentido común de acordo máis ou menos cos Concelleiros responsables das distintas parroquias e polo tanto ata o de agora non tivo ningún problema para que esa representación fora recollida por consenso; polo tanto se van a constituir consellos territoriais en distintas parroquias porque existe un consenso por parte das asociacións para favorecer a participación e a democratización da vida municipal e logo hai un compromiso político do grupo de goberno de que as decisións que se tomen neste consello territorial que afecten ás cuestións de investimento, de priorización de actuacións que haxa que facer a tódolos niveis, de levalas adiante e de incluílas en todo caso nos orzamentos, porque así quere que sexa e o demais é discutible todo, é dicir que parécelle moi ben e está disposto a melloralo regulamento de participación cidadán de acordo coa maioría da Corporación e obviamente co grupo municipal socialista, que iso se fará en prazos curtos de tempo e que mentres tanto considera moi importante ir constituíndo eses consellos territoriais para variar o tipo de política e facer máis participativa e democrática a política municipal, polo tanto cre que están nunha liña correcta e encaixa perfectamente dentro dos acordos que teñen asinados e dentro dos seus programas e cre que en todo caso se hai algún tipo de disfuncións se debaterá no futuro tamén de acordo coas propias asociacións de veciños e nos propios consellos territoriais e considera que non hai ningún tipo de contradicción e que están executando o seu programa electoral e os acordos de gobernabilidade asinados co Partido Socialista.

Volve a intervi-lo señor Meijón Couselo dicindo que efectivamente os consellos que se van constituir lle consta que foron consensuados e lle parece moi ben como quedaron, pero tamén lle consta que non cumpren a normativa actual e



quere que estean dentro da normativa e da lei e polo tanto presentará unha iniciativa de cara a modificar este regulamento para que á maior brevidade posible todos estes consellos que se están a crear poidan quedar sometidos á norma e non fóra dela, pois se non o contrario parécelle poñe-lo carro antes dos bois, primeiro constituir e despois face-la lei.

Contéstalle o señor Alcalde dicindo que agradecerá tódalas propostas constructivas e que se debaterán á maior brevidade posible e que todo sexa en aras da maior transparencia, democratización e participación cidadán na vida municipal.



**Pleno 30.10.99**

**D) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S. DE G-PSOE SOBRE A CONSTITUCIÓN DOS CONSELLOS TERRITORIAIS.**

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda ratifica-la súa inclusión na orde do día para debate e votación da seguinte moción:

A participación cidadá no Concello constitúe, para o Grupo Municipal Socialista, un ben de valor incalculable cara á revitalización democrática na vida das corporacións democráticas, cousa que queda ben clara na propia traxectoria como partido e, concretamente en Pontevedra, sendo o primeiro partido que xa no ano 1992 presentou unha moción e borrador acerca da participación cidadá no Concello de Pontevedra.

O movemento veciñal, ó longo destes anos e a base dunha loita continuada, acadou un fito histórico na consecución dun marco legal de dereito nas súas reivindicacións. Deste xeito, a participación na vida municipal deixa de ser un ben graciable e pasa a ser un dereito dos veciños ante o goberno municipal.

Para o P.S. de G-PSOE, estas dúas concrecións, a realidade de grupos veciñais con clara vocación participativa e a consecución dun marco legal municipal de referencia, constitúen un elemento de traballo que debe ser potenciado e respectado dende a propia Corporación municipal.

A realidade actual ven demostrando por un lado que existe na cidadanía un clara desexo de participar na vida municipal a través das súas Asociacións, e por outro lado, que o Regulamento actual non serve para vehicular tal participación de forma axeitada.

No momento actual, os socialistas pontevedreses, entendemos que existe un marco político cualitativamente distinto ó de fai uns meses, o cal permite -ó carecer de maioría absoluta- conformar un novo Regulamento onde o consenso cobre forza política non só entre as forzas representadas na Corporación, senón mesmo do conxunto de movemento veciñal.

Partindo destes feitos, o Grupo Municipal Socialista tenta encarnar dende o Concello un novo marco legal que permita adecuar os Consellos Territoriais á realidade da participación veciñal. E, polo exposto, o P.S. de G-PSOE presenta as seguintes propostas:

1.- Paralizar a constitución de novos Consellos Territoriais, tanto en canto non teña carta legal o novo Regulamento.

2.- Na Comisión correspondente, traballar -a poder ser por consenso entre as distintas forzas políticas- na modificación do actual Regulamento de Participación Cidadá en base á realidade da participación veciñal e novo marco político.

3.- Expor ante o movemento veciñal, especialmente ante os colaboradores do anterior regulamento, o novo texto, co



obxecto de estudar as incorporacións das suxerencias que sobre tal texto poidar xurdir.

4.- Outorgarlle os Consellos Territoriais xa conformados, pero alegais en conto a forma, carácter de provisionalidade, entrando neles as distintas forzas políticas representadas no Concello en aras dunha maior transparencia, e facilitando o seu funcionamento co compromiso dunha adecuación á nova norma en canto esta teña carácter definitivo.

5.- Crear paralelamente unha Comisión de Traballo para a división do Concello en base a distritos, o cal permitirá no seu momento, poder nomear a tódolos Consellos Territoriais da nosa cidade, e non únicamente ós das parroquias do rural, que teñen os seus límites moito máis claros de definir.

Aberto o debate, concédese a palabra a don Roberto Taboada Rivadulla, portavoz do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, el cual manifiesta que en el acta del Pleno del día 28 de enero de 1999, acta en la que se aprueba inicialmente el Reglamento de Participación ciudadana, el actual Alcalde y entonces portavoz municipal del B.N.G., señor Fernández Lores, dice textualmente: "Que vai a votar a favor deste Regulamento aínda que lle gustaría que por pura democracia e transparencia se recollera que a oposición estivera representada nos Consellos Territoriais e que o Bloque Nacionalista Galego cre fundamentalmente na participación cidadá, na necesidade e na conveniencia desta participación na vida municipal por medio das asociacións representativas que os cidadáns teñen"; la verdad es que el grupo municipal socialista se lamenta de que en tan poco tiempo este Reglamento de Participación Ciudadana que tiene un consenso y una unanimidad, que cree que fue un hito importante, fundamentalmente por el esfuerzo de las asociaciones vecinales, se ha convertido en la actualidad en puro papel mojado, primero porque si es verdad que hay en ese espíritu una modificación del Reglamento de Participación Ciudadana, no porque en aquellas circunstancias del 28 de enero no fuera aconsejable aprobar ese Reglamento como medida por lo menos de avanzar y dar un paso hacia adelante en la participación ciudadana, sino porque en la actualidad hay que ajustarse a la situación política actual y sobre todo acomodar aquellas discrepancias que en su momento fueron superadas por unanimidad, pero que en todo caso fueron consideradas porque había que ajustar el reglamento a la ciudad, por el tema de la oposición en los Consellos Territoriales, etc., la realidad es que ni se ha modificado ni se ha dado un paso, salvo cuando el grupo municipal socialista lo ha hecho saber, no se ha modificado el Reglamento de Participación Ciudadana ni se ha llevado a cabo en función de la constitución de los Consellos Territoriales tal y como estaba en el reglamento, por lo tanto, por un lado se ha incumplido el Reglamento de Participación Ciudadana que está aprobado en este Pleno, porque se han constituido Consellos Territoriales de una forma



absolutamente ilegal conforme al reglamento en vigor y por otro lado no se han dado los pasos suficientes para que este reglamento se pudiera modificar, salvo últimamente en donde hay una comisión, cree que a instancias del grupo socialista, que está a empezando a avanzar en esta cuestión, por lo tanto primera cuestión que quiere hacer constar es que este reglamento, que ha nacido con una vocación de participación, con mucha ilusión de las asociaciones vecinales, se está vulnerando y se está convirtiendo en papel mojado; el grupo municipal socialista quiere dejar muy claro ante cualquier posible interpretación que pueda haber sobre estas cuestiones, por algo han sido los primeros que ya en el año 1992 han presentado una iniciativa en este Ayuntamiento para que se redactara un Reglamento de Participación Ciudadana, que están a favor de la participación, a favor de un Reglamento de Participación Ciudadana y de los Consellos Territoriales, pero también están a favor de que se cumpla la ley y aquí el grupo del B.N.G. no tiene la razón, pues cree que aquí hubo grados de intolerancia a la hora de comprender estas cuestiones y la tolerancia es también esa sensación molesta de que al final también los demás pueden tener razón y aquí la razón le asiste claramente al grupo municipal socialista cuando dice que se está vulnerando el Reglamento de Participación Ciudadana y que también es necesario modificar este reglamento y el grupo de gobierno ha echado para adelante, diría que con cierta arrogancia, por encima de la ley y por lo tanto han vulnerado las reglas del juego en esta cuestión, por ello se ven obligados a presentar una moción en donde no cree que haya malas interpretaciones, cree que hay colectivos vecinales que desean que se modifique el Reglamento de Participación Ciudadana, que desean la participación ciudadana, que desean estar en los Consellos Territoriales y no están en contra de eso, pero el grupo de gobierno ha avanzado constituyendo Consellos Territoriales en Santa María de Xeve, en San Andrés de Xeve, en Monte Porreiro, en O Burgo, en Lérez, en Marcón, en Salcedo, probablemente en Bora, que no lo tiene todavía seguro, pero han dado pasos constituyendo Consellos Territoriales, pero la cuestión no es que los vecinos estén contentos en esos Consellos Territoriales, pues el grupo socialista está a favor de los Consellos Territoriales y a favor de que los vecinos estén contentos en estos Consellos, pero está a favor de que sean legales y de que se hagan bien y por lo tanto esto es lo que censura y está pidiendo desde hace bastante tiempo que se paralicen los Consellos Territoriales que se están creando en base a esta cuestión y no se está produciendo, por lo tanto cree que estas cosas deben quedar bien claras y que nadie se llame a engaño, por tanto no quiere ir más allá en esta cuestión y simplemente presenta unas propuestas muy concretas en esta moción que somete a criterio de los señores Concejales y de este Pleno de la Corporación.

Seguidamente intervén don Celestino Lores Rosal, en





representación do grupo municipal do Partido Popular, o cal di que intervén, dende a oportunidade que lle brinda a moción dos socialistas, para clarear posturas sobre o Regulamento de Participación Cidadá, que supuxo un feito histórico para o movemento veciñal neste Concello, xa que, despois de moitos anos de constantes demandas, o 28 de xaneiro pasado aprobábase por unanimidade, por outra parte, e para non enceta-la discusión dende un punto de partida falseado ou perverso, é preciso clarear en primeiro lugar como se fixo o regulamento; a elaboración do regulamento non foi algo casual, improvisado ou sinxelamente desempolvado dalgún arquivo, foi un traballo minucioso e pormenorizado que contou coa participación do movemento cidadá do Concello, facendo un pouco de historia ten que dicir que ó pouco tempo da súa toma de posesión como Concelleiro, 30 de decembro do 97, escomenzouse a demandar dende diversas posicións a elaboración do regulamento, que por outra banda era un compromiso adquirido polo Partido Popular nas eleccións de 1995, o primeiro paso para esta elaboración foi a constitución dunha ponencia para a redacción do mesmo, constituída democraticamente coa participación das asociacións cidadás inscritas no rexistro municipal de asociacións, como certifican as actas de elección e as certificacións de número de socios de cada asociación para establece-la representatividade, a ponencia por tanto quedou constituída por catro membros da Federación Castelao, por un membro en representación das asociacións non federadas, por un membro representante das comunidades de montes, por un membro da Federación de Apas e por un representante do comercio e o Concelleiro responsable da área, á sazón o Concelleiro que lles fala, a ponencia traballou a reo durante perto do oito meses e despois de amplos debates e dun traballo desinteresado, que quere agradecer publicamente, conseguen a firma do documento previo co informe eshaustivo e rigoroso do señor Secretario deste Concello, pero todo este traballo vese minorizado, devaluado e vulnerado polo equipo de goberno, levado sen dúbida por esa ansiedade e premura en poñer en práctica o regulamento, a primeira vulneración foi a intervención neste foro dun representante da Coordinadora antipeaxe, intervención que non seguiu os trámites ordinarios que fixa o regulamento, xustificándose pola ausencia do tema a tratar, a segunda foi a vulneración da disposición transitoria terceira na que se pide a revisión do Rexistro municipal de asociacións e a divulgación da necesidade de inscribirse nel de tódalas entidades do concello, a terceira foi a non aplicación do artigo 39 no que se di que os Consellos Territoriais son órganos de expresión dos intereses da poboación das distintas zonas en que sexa dividido o Concello de Pontevedra, dise claramente en que sexa, non en que está, polo tanto reflíctese a necesidade de facer unha distribución dos barrios e parroquias, tomando por exemplo Campaño, xa fixeron un só Consello Territorial pero ó mellor, e di ó



mellor porque iso verase cando se discuta, habería que facer dous Consellos Territoriais, un de Campañó de Arriba e outro de Campañó de Abaixo, que haberá que estudialo, a cuarta vulneración foi a non creación da Comisión informativa de organización e participación que prevé a disposición transitoria cuarta do regulamento, todo isto o grupo de goberno non o fai e o que fai é a constitución dos Consellos Territoriais e faino malevolamente, porque constitúen os Consellos Territoriais sen ter en conta a composición que fixa o regulamento xustificandoo co consenso, pero o regulamento, en definitiva unha lei aprobada, non pode ser consensuado en cada lugar en onde se pretende aplicar, non existe xa que logo tal apelación ó consenso, o primeiro que hai que facer, se é que ó aplica-lo regulamente se observase algunha laguna, é solicita-la súa modificación, modificación por outra banda prevista na disposición adicional terceira do regulamento, xa que logo o Partido Popular levado polo seu espírito de oposición constructiva e democrática e entendendo que calquera traballo é susceptible de mellora, e desde logo non está en non sostenella e non emendalla, aproba a proposta de modificación do regulamento con unha modificación que propón, que despois lerá, como xa tiña feito uns meses atrás con outra proposta do equipo de goberno, xa que entende que todas aquelas iniciativas que sexan boas para Pontevedra e para o conxunto dos cidadáns son boas para o Partido Popular e por suposto para este Concelleiro que lles fala, veñan de onde veñan, por tanto a proposta que quere introducir é deixar sen efecto os Consellos Territoriais constituídos ata o de agora ata que se aprobe a reforma do regulamento.

A continuación fai uso da palabra don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, dicindo que intervéñ neste punto como podería intervir calquera compañeiro porque este é un tema que afecta a todo o goberno, ten unha estraña ou clara sensación xa reiterada, porque tódalas forzas políticas estaban de acordo na peonalización pero cando se fai todos son problemas porque non se pode facer así, había que facer unha ordenanza, unha modificación e unha reformulación, estudiando se alguén fai unha caixa de 25 e pasa a 24 ou a 26, entón pasarían outros catro anos sen face-la peonalización; como tamén todos están de acordo coa participación veciñal desde hai anos, pero o único certo é que tivo que chegar este grupo de goberno para que se fixera algo concreto, serio e palpable neste campo e entón todos son problemas non so os que se dixeron aquí pois supón que se poden poñer enriba da mesa moitísimos máis, polo tanto non se pode facer nada ata que se aprobe a modificación a pesar de que a modificación dunha ordenanza leva catro meses e ó mellor despois de moitos estudos de comisións especiais non se fai nada ou se tarda moitísimo en facelo, porque cando se adquiriu o compromiso na campaña electoral coas asociacións de todo tipo non houbo



queixa ningunha do modelo que se ía aplicar, como tamén procura executa-los acordos asinados co PSOE, cumprindo prazos e compromisos porque tiñan o compromiso de que os Consellos Territoriais do ámbito rural ou de barrios estivesen arredor de finais de outubro e os urbanos, pola falta de definición, quedaron en que ían ser moito máis complexos e polo tanto había que estudialos cara ó futuro, ese desa maneira empezaron a executalo con grande éxito e consenso de tódalas asociacións para ter feitos tódolos do rural á hora dos orzamentos do ano que ven, sendo curioso que de repente se empece a politiza-lo asunto no mal sentido da palabra, porque cando por primeira vez estaban a sair por consenso e sen maiores problemas, facendo algo concreto para dar esa participación nos ámbitos territoriais polo que, pese a que se fan aparecer tódolos problemas do mundo, queren que para os orzamentos do ano que ven cada parroquia teña o seu consello parroquial constituído ó amparo da ordenanza, funcionando e dando participación real, e como iso é o que queren van seguir nesa liña, deixando moi claro que non lle poden obrigar a ninguén a participar, polo tanto se as asociacións queren ben e se non queren non se constituirán, aínda que o seu desexo é constituilos, entre outras cousas, porque pode haber problemas graves á hora de asignar orzamentos para o próximo ano e á hora de disfuncións entre unhas parroquias e outras, se unhas o teñan constituído e outras non, pero os Consellos Territoriais, tal como se están a montar ou como se poden montar no futuro, é unha competencia da Alcaldía e o Alcalde e o grupo de goberno quere delegar competencias súas nos Consellos Territoriais, polo tanto coa ordenanza modificada ou sen modificar, aínda que están de acordo na necesidade de modificala, van seguir coa súa tramitación non sendo de recibo dicir que se agarde ata que se faga a modificación, porque non se pode facer ata abril o maio do ano que ven e despois levará outros tres ou catro meses constitui-los Consellos Territoriais e se iso é o que se quere alá cada un coa súa responsabilidade, pero o BNG comprometeuse a outra cousa e vai seguir executandoa xa que son competencias do Alcalde que pode delegar no Consello Territorial, polo tanto vaise seguir facendo polo que o debate está moi claro xa que non ten ningún valor unha votación por parte do Pleno sobre as competencias da Alcaldía e aínda que o grupo do PSOE e o grupo do PP poden manifestar aquí a súa opinión sobre os Consellos Territoriais, ten que quedar claro que con respecto á constitución efectiva, tal e como se está a facer, vai seguir adiante porque cumpren os seus compromisos.

En quenda de réplica o señor Taboada Rivadulla di que le preocupa mucho la intervención del señor Mosquera porque las sensaciones claras que tiene las pueden tener todos y empieza a tener sensaciones claras de, como dice, non enmendalla, porque no reconece el error de que están constituyendo unos Consellos Territoriales no sujetos a la norma y al reglamento, no a la ordenanza sino al reglamento, porque habla de



ordenanza cuando ésto es un reglamento, teniéndole que decir que la ordenanza de fachadas ha sido aprobada con bastante rapidez gracias a los grupos políticos, entre ellos el grupo municipal socialista, pero lo que pasa es que le hubiera gustado aprobar las cosas sin ordenanzas y sin someterse a la Ley de Régimen Local porque eso es mucho más fácil, pero cuando se toman las decisiones a dedo o por decisión exclusiva del Alcalde sin someterse a las competencias que tiene un Pleno democrático se puede caer en otro tipo de actitudes poco democráticas, y en ese caso el derecho de cualquier Concejal y de cualquier grupo municipal es acogerse a la Ley de Régimen Local y así lo hacen, dándole la sensación de que quiere poner todo en entredicho y hacer un batiburrillo porque aquí nadie está hablando de la peatonalización, por lo tanto no saque ese tema que nadie ha tocado, aunque se puede debatir de esa cuestión y resultar que hubiese requerido una ordenanza, pero es mejor no hablar de ese tema puesto que han llevado a cabo la peatonalización por una decisión suya y está en todo el derecho de expresar su opinión, habiéndole dicho al señor Alcalde que dentro del acuerdo de gobernabilidad van a ser leales pero no van a callarse en aquellos temas en los que no esten de acuerdo y hablando de los acuerdos de gobernabilidad le recuerda que en uno de los acuerdos de medidas de democratización de la vida municipal dice expresamente "constitución á maior brevidade posible dos órganos sectoriais e territoriais de consulta, participación e toma de decisións por parte da cidadanía e dos seus representantes", dice escuetamente eso y efectivamednte "á maior brevidade", pero siempre de acuerdo con la norma, de acuerdo con la ley, porque si justifican desde el gobierno el que se pueda saltar la norma y el reglamento, cuando son los primeros que tienen que ejemplarizar, ¿cómo pueden decirle a los ciudadanos que no se salten otras normas si el primero que se las salta es el equipo de gobierno? por lo tanto todos tienen que estar en la ley; después quiere lanzar mensajes para decir que hay toda una Corporación, excepto el equipo de gobierno del B.N.G., que quiere forzar situaciones que al final paralizan los Consellos Territoriales porque no quiere que los ciudadanos participen en ellos, pero no es cierto, denle rapidez, hagan el trámite rápido, porque habla del mes de abril pero sin embargo no dice que los consellos del casco también para el mes de abril, o sea justifica que hay que constituir los Consellos Territoriales del rural en función del Presupuesto, pero ¿el tema del Presupuesto no les atañe a los Consejos Territoriales del casco?, entonces no entre en una contradicción, los del rural y las parroquias hay que hacerlo rápido por el tema del Presupuesto y los otros, los que son del casco, pueden esperar y a lo mejor el Presupuesto no es exactamente igual, por tanto le dice al grupo de gobierno que ejerza la Alcaldía las competencias que le correspondan, pero desde luego si dicen que este reglamento no es ahora válido cuando en su momento se



ha aprobado y cuando hablaban de que la oposición tenía que estar representada en los Consellos Territoriales y lo decía el señor Alcalde como portavoz, pero una cosa es lo que digo cuando estoy en la oposición y otra cosa será cuando están en el gobierno y sinceramente no quisiera que eso pasara, sean ustedes libres de prejuicios y sea el señor Alcalde un Alcalde libre para una ciudad libre y la libertad también es la facultad de hacer lo que la ley permite y no es una cita mía, es una filípica de Cicerón, pero es verdad que la libertad también es la facultad de hacer lo que la ley dice, por tanto apliquen la ley y no anden con subterfugios lanzando mensajes a los ciudadanos para soliviantar la cuestión, el grupo de gobierno es el que irresponsablemente ha avanzado en la creación de Consellos Territoriales que ahora van a decir que no pueden hacer nada porque ya están constituidos, pero lo que dice el grupo socialista es que se mantenga la provisionalidad de los ya constituidos y se paralice la constitución de los nuevos, esa es la cuestión, el problema no es el grupo socialista, el problema lo han planteado exclusivamente el grupo de gobierno; referente a la intervención del portavoz del Partido Popular y a la enmienda de modificación que presentan, entiende que tienen parte de razón argumental pero considera que la propuesta del grupo socialista es un todo y si realmente se hace la nueva modificación de Reglamento de Participación Ciudadana con la celeridad que consideran que se debe hacer no habría ningún problema, por lo tanto sigue manteniéndose en las propuestas que hen formulado.

De novo intervén o señor Lores Rosal dicíndolle ó señor Mosquera que lamenta que pase por alto o traballo que se fixo dende a ponencia, é unha falta de respecto a todo o movemento cidadá que traballou neste regulamento que agora diga que o Alcalde é o que pode decidir facer e descompoñer, entón ¿para que se pasou tanto tempo traballando e para que se fixo todo isto?, evidentemente o Partido Popular, porque así elaborou o Regulamento de Participación Cidadá, é un dos primeiros interesados en que isto funcione, o certo é que dende que se aprobou ata que se puidera poñer en funcionamento pasan unha serie de meses que ademáis coinciden coas eleccións e non lles parecía procedente empezar a funcionar eses Consellos Territoriais, pero xa dixo que non é problema somentes da constitución dos Consellos Territoriais, é que antes o regulamento prevé unha serie de actuacións que se podían estar a facer e que seguramente aforrarían este problema da constitución e ademais se agora nesta constitución dos consellos se vulnera a composición por unha interpretación ou por un consenso, nas atribucións do regulamento poderán dici-la mesma cuestión de que fan outras interpretacións e ó final un regulamento feito por un traballo, feito por unha ponencia, aprobado por esta cámara, fan tabla rasa do mesmo e empezan ademais a facelo polos Consellos Territoriais con toda a premura, que non pasa nada por empezar a face-las cousas ben,



despacio, non había tanta presa en facer isto e ademais proba de que eses Conselleos Territoriais non contan con todo ese apoio que din do movemento veciñal é que na propia Federación Castelao supuxo unha ruptura esa posta en funcionamento, polo tanto segue insistindo en que se constituán os Consellos Territoriais con arreglo ó regulamento, tal é como está mentres non se modifique, cun representante de cada entidade legalmente constituída sen ánimo de lucro ou que se modifique esa composición e se poña, que foi unha das lagunas que se veu agora ó monta-los Consellos Territoriais, que a representatividade das asociacións non podía se-la mesma dun que doutro, pero iso modifícase e non pasa nada, o propio regulamento así o dí e non se fagan as cousas porque a min me peta, hai un regulamento, hai unha lei, fágase con respecto a esa lei e non a incumplan, por todo isto mantense na súa posición inicial.

Novamente intervén o señor Mosquera Lorenzo dicindo que teñen o compromiso de ter constituídos os Consellos Territoriais parroquiais para o próximo exercicio, cunha composición moito máis aberta que a que fixo o regulamento, que á parte non sería aplicable porque habería que facer esa división e toda unha serie de cousas, e cunhas atribucións moito máis elevadas das que fixo o regulamento, ou sexa que van ter moita máis capacidade de decisión que o que pon o regulamento que practicamente é nula e, con respecto ás zonas urbanas mal delimitadas, teñen o compromiso de negocia-los orzamentos coas asociacións de veciños, que son as únicas entidades constituídas que definiron un ámbito, pero o regulamento non cumpre nin unha cousa nin outra e como moi pouco leva meses modificalo, pois como antes citaba a ordenanza de elementos exteriores vai levar catro ou cinco meses e se fixo con moita axilidade, por tanto como teñen ese compromiso político optaron por outra vía para facelo que é mediante as atribucións da Alcalde e foron saíndo adiante, por tanto acusalos de ruptura da federación é ter unha amnesia brutal, pois a federación estivo pelexada por múltiples temas, entón agora cando a un non lle gusta unha medida, porque por primeira vez se fai participación real polo menos no ámbito de rural, entón xa teñen a culpa de todo, pero tamén son os que teñan a responsabilidade de face-las cousas e as fan; repite que con isto non se está saltando ningunha norma, o que están é intentando acelerar e facer efectivo un acordo, as modificacións quedarán plasmadas, polo menos esa é a súa idea, teñen o compromiso de modifica-lo regulamento coa realidade do que sucedeu cos que se constituiron para que corresponda a algo que xa ten práctica e rodaxe e non facelo en abstracto, pero se queren facelo paralelamente o aceptan, e se non que se suspendan os do centro urbano e se siguan constituindo os do rural, entón non hai moito máis que discutir, parece absolutamente absurdo o que se está a expoñer, pois o Alcalde ten competencia por exemplo para delegar na primeira Tenencia



de Alcaldía, e non é discusión deste Plano e o Alcalde ten competencias para constituí-los Consellos Territoriais que queiran constituírse e vai seguir constituíndoos, por tanto se queren constituílos haberá un foro de participación no que van decidir sobre o que pasa na parroquia e desde logo os do rural nos termos en que dixo van seguir constituíndoos, por tanto non hai moito máis que discutir, é unha cuestión que non é competencia do Pleno, polo tanto a opinión está expresada e se queren votena, é competencia do Pleno modifica-lo regulamento, pero insiste en que o que é este proceso pola vía que está encetado non se vai paralizar, pois e como se din que o Alcalde non firme unha resolución pois é a súa competencia e non o pode discuti-lo Pleno; en canto ó que dixo o señor Taboada de que mezclaba a peonalización, non mezclaba nada, o problema é que se se quere facer unha pinza para frear certas actuacións, que é a primeira vez que se fan, pois fágase, pero é que neste caso engananse, porque non poden face-la pinza porque legalmente non teñen por onde agarralo, o Alcalde ten a competencia e vai exercela, poden votar en contra como poden votar en contra da peonalización, o grupo de goberno ten o instrumento na man para facelo e o fixo e os Consellos despois de moela moitos anos pois estanse a facer e se van seguir facendo.

De novo intervén o señor Taboada Rivadulla dicindo que le preocupa a intervención del señor Mosquera, pues cree que es una intervención prepotente y con cierto grado de chulería y no se da cuenta de que el señor Alcalde va a tomar una decisión dentro de las legítimas competencias que tiene, pero en contra de la mayoría del Pleno, sean ustedes conscientes de que tienen la representación que tienen, sin duda nadie le va a discutir al Alcalde sus competencias, pero nadie le va a discutir a este Pleno las competencias que también tiene, por tanto sigan por esa senda que tantos éxitos le puede llevar, porque a lo mejor nos podemos encontrar, están actuando en este tema con mucha arrogancia y están convirtiendo en papel mojado la ilusión que se ha tenido en la confección de un Reglamento de Participación Ciudadana votado democráticamente y donde los ciudadanos han puesto mucho empeño en ello, reconoce y está de acuerdo en que hay que cambiar este reglamento, está de acuerdo en que hay que negociar los Presupuestos con las asociaciones, pero no está de acuerdo en como quieren llevarlo y ahora como no lo pueden llevar con la mayoría de esta Corporación van a ir buscando la puerta falsa para intentar hacerlo a través de las competencias del Alcalde y el señor Alcalde sabrá lo que hace, en todo caso el señor Mosquera está diciendo además que ya no vale ni siquiera modificar el Reglamento de Participación Ciudadana porque total el Alcalde siempre puede asumir competencias, unas competencias, insiste, que tiene el señor Alcalde con una minoría muy precaria y además está seguro, aunque dicen que no se saltan la norma, que si le pregunta al señor Secretario en



este momento si los Consellos Territoriales que están constituyendo se sujetan a la norma del Reglamento de Participación Ciudadana tendrá que decir que no, por lo tanto no es cierto que se están sujetando a la norma.

Novamente intervén o señor Lores Rosal para decirlle ó señor Mosquera que o que queren facer agora xa o fixo o Partido Popular hai tempo, pero eran máis elegantes, máis claros e máis transparentes e chamábanlles Xuntas parroquiais do Partido Popular, por tanto se queren facer iso chámenlles Consellos Territoriais do BNG.

Volve a intervi-lo señor Mosquera Lorenzo dicíndolle ó señor Lores Rosal, que están moi enfrascados en lios internos e non se enteran do que realmente pasa e asegúralle que en parte dos consellos parroquiais creados ten maioría a súa xente, polo tanto non son nada que se pareza ó que está a dicir e en todo caso foron nomeados por consenso polas asociacións ou polas xuntas de montes ou deportivas, iso está aí e ninguén o pode cambiar e desde logo nunca foi feito por método dixital, entón se ó grupo popular non lle gusta e a algunhas das asociacións aquí presentes non lles gusta que por primeira vez haxa órganos efectivos de participación e decisión pois é unha valoración súa, como tampouco lle gustarán outras medidas que están a tomar, pero repite que por primeira vez se está a facer por consenso e sen ningunha terxiversación e se non lles gusta que se faga, mala sorte, ó grupo de goberno si e, como -teñen o compromiso de facelas, van facelas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de catorce Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de dez Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego), acorda:

PRIMEIRO.- Paralizar a constitución de novos Consellos Territoriais, tanto en canto non teña carta legal o novo Regulamento.

SEGUNDO.- Na Comisión correspondente, traballar -a poder ser por consenso entre as distintas forzas políticas- na modificación do actual Regulamento de Participación Cidadá en base á realidade da participación veciñal e novo marco político.

TERCEIRO.- Expor ante o movemento veciñal, especialmente ante os colaboradores do anterior regulamento, o novo texto, co obxecto de estudar as incorporacións das suxerencias que sobre tal texto poidar xurdir.

CUARTO.- Outorgarlle os Consellos Territoriais xa conformados, pero alegais en conto a forma, carácter de provisionalidade, entrando neles as distintas forzas políticas representadas no Concello en aras dunha maior transparencia, e facilitando o seu funcionamento co compromiso dunha adecuación á nova norma en canto esta teña carácter definitivo.





QUINTO.- Crear paralelamente unha Comisión de Traballo para a división do Concello en base a distritos, o cal permitirá no seu momento, poder nomear a tódolos Consellos Territoriais da nosa cidade, e non únicamente ós das parroquias do rural, que teñen os seus límites moito más claros de definir.

